

25 de Noviembre 2011

Unidades Didácticas Educación Secundaria



CONTRA LA VIOLENCIA MACHISTA
TODAS LAS MANOS SON NECESARIAS



Actividades 25 de novembro Día Internacional Contra A Violencia De Xénero.

Introdución:

Desde a Organización de Mulleres non podemos esquecer que este día, este mesmo día, serán máis de cincuenta as mulleres asasinadas pola violencia machista, pola violencia de xénero como socialmente se coñece. Por iso, como cada ano, ofrecemos aos centros educativos un conxunto de actividades para que este tema se trate na aula, co fin de sensibilizar tanto o profesorado como o seu alumnado sobre a lacra social e cultural que supón esta situación para as mulleres. Pero tamén co fin de iniciar unha educación responsábel, que fomenta os riscos das desigualdades entre sexos, que mostre ao alumnado que os micromachismos persisten na maioría dos fogares e que algunhas destas actitudes alcanzan tal grao que derivan nunha violencia non só psicolóxica, senón tamén física, que implica a morte directa de miles de mulleres cada ano no mundo, pero tamén a morte indirecta doutras tantas.

Con estes fins, propomos unhas actividades para os distintos ciclos de educación primaria, e para secundaria, actividades formuladas cunha metodoloxía activa e participativa, que perseguen uns obxectivos e traballan igualmente as competencias básicas.

Esperamos que como todos os anos vos sexan de utilidade para traballar neste día 25 de novembro, como en calquera outro día do curso, pois esta problemática social ha de ser tratada cada día, un tras outro, ata lograr rematar con estas actitudes de dominación que ningún ben fan a sociedades como a nosa.

Obxectivos xerais das actividades:

- 1.- O alumnado ha de entender que a igualdade entre mulleres e homes non está lograda ao 100% pois subsisten numerosas formas de dominio sobre as mulleres, sendo a máis grave a dos feminicidios.
- 2.- Débense recoñecer as diferenzas sociais, laborais e económicas entre mulleres e homes.
- 3.- Tanto as alumnas como os alumnos deberán identificar no noso contorno os sesgos sexistas que persisten nos comportamentos diarios e habituais.
- 4.- Preténdese, identificar a linguaxe sexista máis agresiva nos medios de comunicación, libros de texto, arte, etc.
- 5.- Recoñecer como a desigualdade e disimetría entre sexos contribúe á violencia de xénero.
- 6.- Coñecer os protocolos de actuación ante a violencia machista.
- 7.- Detectar as actitudes violentas para as mulleres nos contornos máis próximos.
- 8.- Desenvolver actitudes de rexeitamento para comportamentos violentos e sexistas para o feminino.
- 9.- Desenvolver actitudes de respecto para as mulleres para xerar unha convivencia en igualdade.
- 10.- Adquirir unha imaxe axustada de cadaquén co fin último de manter unha autoestima adecuada.

Competencias básicas que se traballan con estas actividades:

- 1.- Competencia en comunicación lingüística 2:
 - realizar actividades nas que se traballa a linguaxe non sexista, tanto oral como escrita.
- 2.- Competencia matemática:
 - exercicios nos que, ao calcular salarios, porcentaxes de representatividade feminina e cotas de poder, se poñen de manifesto as disimetrías sociais e laborais entre mulleres e homes.
- 3.- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:
 - analizaranse situacións reais na vida cotiá, tomadas da mesma ou de publicacións impresas ou on-line, nas que se revela unha realidade incontestábel como é a permanencia de relacións de desigualdade entre homes e mulleres, así como trato discriminatorio no laboral, social, económico...
- 4.- Tratamento da información e competencia dixital
 - trabállanse documentos obtidos de internet, e elabóranse outros cun uso debido das novas tecnoloxías.
- 5.- Competencia social e cidadá:
 - as actividades están deseñadas para mellorar a convivencia entre todas as persoas, para iso entendemos necesaria a igualdade de trato entre mulleres e homes.
- 6.- Competencia cultural e artística:
 - o uso de imaxes artísticas, textos literarios, etc., co fin de analizar a imaxe das mulleres, pon en contacto o alumnado co patrimonio cultural, á vez que detecta os sesgos sexistas que poidan conter.
- 7.- Competencia para aprender a aprender :
 - o traballo en equipo, a investigación e a observación da realidade cotiá esperta a capacidade de aprender por si mesmos e por si mesmas.
- 8.- Autonomía e iniciativa persoal:
 - enténdese que estas actividades van encamiñadas a fomentar a autoestima do feminino de tal forma que se rompan estereotipos sexistas que inmovilicen a autonomía das persoas para tomar as súas propias decisións.

Metodoloxía:

Preténdese o uso dunha metodoloxía participativa, activa tanto para o profesorado que a pon en práctica como para o alumnado que a desenvolve. Só cunha metodoloxía na que todas e todos participan é posíbel trasladar a idea de igualdade de sexos e xénero que se pretende transmitir; cando o alumnado traballa en equipo ou en parellas mixtas, asume o concepto de igualdade en toda a súa plenitude.

Criterios de avaliación:

Aínda que estas actividades que propomos non corresponden cunha unidade didáctica ao uso, e xa que logo non pretendemos unha avaliación das mesmas, concluiremos con éxito o noso propósito se ao finalizalas o alumnado:

- Entende as diferenzas que a sociedade marca, entre homes e mulleres, diferenzas que se reflicten en desigualdades sociais, económicas, culturais, de imaxe, acompañadas de actitudes discriminatorias.
- Recoñece esas actitudes discriminatorias que se exercen sobre o feminino nos medios de comunicación, na linguaxe oral e escrita, nas imaxes que se transmiten das mulleres, nas relacións laborais e na economía en xeral.
- Comeza a adoptar unha linguaxe afastada de expresións sexistas.
- Identifica actitudes violentas para as mulleres, ben sexa actitudes que caracterizan os micromachismos, como outras de calado social e mesmo de violencia física.
- Rexeita a violencia exercida para as mulleres, sexa do tipo que sexa.
- Coñece os mecanismos e protocolos de denuncia das actitudes violentas para as mulleres.
- Adquire unha imaxe axustada á súa propia existencia, pero en igualdade coa doutras.



ACTIVIDADES PARA O CENTRO:

- 1.- Elaboración dunha gran silueta feminina en papel continuo nela escribíranse frases referidas á violencia, respecto, amizade... e poránselle flores brancas en memoria das vítimas da violencia de xénero.
- 2.- Construción dun gran mural con frases a favor da igualdade e en contra da violencia no patio do centro.
- 3.- Preparación de pequenos murais, con frases contra a violencia, que se pegarán nun gran mural durante o recreo do día 25 de novembro. As mellores frases serán premiadas.
- 4.- Saca tarxeta vermella ao maltrato: Realización dunha exposición de fotos na que calquera persoa da comunidade educativa que desexe participar nesta campaña se sume. No recreo do 24 de novembro colocárase unha urna onde cada clase vote pola foto favorita. O 25 de novembro entrega de premios ás tres mellores fotografías

1.- XOGO DE ROL

Divídese a clase en grupos de dous, en parellas formadas por un rapaz e unha rapaza.

O xogo consta de tres situacións distintas, que deben ser debatidas por cada parella durante 10 minutos, entón intercámbianse os papeis durante outros 10 minutos e escríbense as conclusións nun papel ou cartolina.

(Formúlase a primeira e comeza o xogo que debe durar 10 minutos.

Ao acabar, intercámbianse os papeis e arguméntase durante 10 minutos máis.)

Cando se pasou polas tres situacións, en gran grupo, e as cartolinas de cada parella, formúlanse os argumentos esgrimidos e as réplicas.

Extráense conclusións e déixanse por escrito noutra cartolina que se deixará exposta na aula.



SITUACIÓN 1ª

Imos de viaxe en avión. Ao subirmos ao aparello, despois de nos sentar nos asentos, fala a comandante da nave. Unha señora, moi nerviosa, di que vai pasar se a piloto é unha muller, que se sente insegura; dubida da súa capacidade para manexar o avión.

Unha das dúas persoas que forman a parella de discusión, debe adoptar o rol da muller que dubida da piloto e a outra, debe defendela.

Ao cabo de 10 minutos, intercámbianse os papeis.



SITUACIÓN 2ª

Es un modisto de fama. Encóntraste cunha persoa que dubida da túa capacidade para te dedicar a coser, xa que es un home, e arguméntacho. Explica cales son as razóns polas cales escolliches esta profesión.





SITUACIÓN 3ª

Acabaches recentemente os teus estudos de formación profesional de fontanería.

Ves un anuncio no xornal e preséntaste. Sorpréndeste cando non che dan o traballo porque... es unha muller!!!!

Cada integrante da parella adopta un/unha personaxe: o do empregador e a da rapaza e argumenta as súas razóns. Intercámbianse os papeis.

Ao cabo dos 60 minutos, recóllense as conclusións...



2.- Acción-Reacción...pero nunca violencia

Pídese ao alumnado que pense en situacións violentas que poidan darse no marco escolar. Axudamos a enmarcalas no caso de que non sexan capaces de as identificar, ou tamén se pode inventar ou imaxinar unha.



Por quendas vanse describindo, e contestando, cuestións como: quen exerce a violencia, quen a sofre, como reaccionan o resto das persoas presentes...

Despois faise unha posta en común tentando definir acordadamente o termo "violencia".

E por último, unha chuvia de ideas sobre as solucións posíbeis a aplicar nestas situacións, ou que se pode facer para as evitar.



PARA LER:

- O diario azul de Carlota de Gemma Lienas: trata das formas de violencia a rapazas adolescentes, e os recursos para reaccionar ante elas.

- Contra o vento de Ánxeles Caso. Planeta: narra a historia dunha rapaza á que maltratan a vida e os homes da súa vida.

- Quéreme ben de Rosalind Penfold. Lumen: Cómic que destaca a importancia das palabras nunha relación.



Y PARA VER:

- No tempo das bolboretas de Mariano Barroso (2001): película sobre as irmás Mirabal.

- Amores que matan de Icíar Bollaín (2000)

- Subir e baixar de David Planell (2007).

3.- Falando de toas as persoas

O alumnado buscará titulares de prensa, anuncios, expresións, refráns... mesmo comunicados do centro, para analizar a linguaxe, e como esta representa a mulleres e homes.

Despois terán que buscar unha linguaxe que inclúa a mulleres e homes, para substituír a linguaxe sexista.

Posta en común e elaboración dun listado de linguaxe inclusiva para colocar nun taboleiro e utilizar o resto do curso.



4.- Tirando mitos e construíndo igualdade

Ler o seguinte mito:
"SE FOSE VERDADE QUE HAI TANTOS HOMES QUE PEGAN ÁS MULLERES, ELAS IRÍANSE".



- Expor a seguinte realidade: "A MAIORÍA DAS MULLERES PERMANECEN COS SEUS AGRESORES PORQUE TEÑEN MEDO A QUE LLES FAGAN DANO A ELAS OU ÁS SÚAS FILLAS OU FILLOS"

- Explicar: "Para que as mulleres que sofren violencia na casa poidan deixar ao seu home necesitan PROTECCIÓN ela e as súas fillas e fillos.


- Iniciar un diálogo na clase no que acheguen ideas para protexer a unha muller que denuncia á súa parella por violencia e teme que a mate ou que faga dano ás súas fillas e fillos.

Reforzar as respostas eficaces e achegar outras. Ignorar as que sexan inadecuadas ou fantasiosas e escoller sen xulgar.



5.- As distintas formas do maltrato para as mulleres

Imos pedir á nosa aula, que busquen información sobre a película Elisa K de Judith Colell e Jordi Cadea, para o que lles damos a seguinte ficha para cubrir:



Título:
 Director/a:
 Produtor/a:
 Ano:
 Argumento (breve):

Unha vez cuberta por cada unha e cada un, pedímoslles que contesten ás seguintes preguntas:

- Cres que a película reflicte unha situación violenta?. Por que?.
- Como imaxinas que pode ser a vida tras unha situación como esta?.
- Que cres que se pode facer para evitar que isto se repita?.

6.- Imos buscar solucións

Nunha actividade anterior falabamos das mulleres que non poden abandonar os seus fogares a pesar do maltrato. Imos imaxinar que coñecemos un caso, que podemos facer? De entrada a pregunta é difícil de contestar porque hai miles de razóns que nos paralizan; o primeiro é saber as ferramentas coas que contamos.

Para iso:

- En varios grupos ides elaborar un protocolo de actuación, organizádevos de tal maneira que 1 grupo busque a información sobre lexislación neste tema (pódese consultar no centro de muller da localidade, se non o hai acudir ao centro social para falar co traballador ou traballadora social). Un 2 grupo ordena toda esta información por orde de actuación e pásaa a un 3 grupo que elaborará un borrador de protocolo, para entre todos darlle o formato que decidades (mural, vídeo, revista, díptico).

- Con todo iso, volvemos mirar o hipotético caso que tiñamos e agora cada cal anota o que se pode facer para axudar a esa muller, e compártese para ver se se saltou algún paso.



7.- Ímonos de excursión!!!

Unha clase vai de acampada para celebrar a fin de curso. Unha vez na montaña, agrúpanse nenos e nenas, en tendas mixtas de 6. Así, nomearán a súa tenda con termos que identifiquen os fogares de distintos animais: oseira, tobo,... de forma que se identifiquen co grupo, ao que tamén se lle podería asignar un adxectivo común a todos: audaz, intelixente, rápido, forte,...








LUNS	<ul style="list-style-type: none"> • Traer madeira/leña do bosque. RESPONSÁBEL: _____ • Recoller a roupa sucia de todos os compoñentes da tenda nun cesto. RESPONSÁBEL: _____ • Facer bocadillos para a merenda. RESPONSÁBEL: _____ • Preparar a fogueira coa leña. RESPONSÁBEL: _____ • Vixilancia nocturna. RESPONSÁBEL: _____ • Limpar/ recoller a tenda. RESPONSÁBEL: _____
MARTES	<ul style="list-style-type: none"> • Traer madeira/leña do bosque. RESPONSÁBEL: _____ • Recoller a roupa sucia de todos os compoñentes da tenda nun cesto. RESPONSÁBEL: _____ • Facer bocadillos para a merenda. RESPONSÁBEL: _____ • Preparar a fogueira coa leña. RESPONSÁBEL: _____ • Vixilancia nocturna. RESPONSÁBEL: _____ • Limpar/ recoller a tenda. RESPONSÁBEL: _____
MÉRCORES	<ul style="list-style-type: none"> • Traer madeira/leña do bosque. RESPONSÁBEL: _____ • Recoller a roupa sucia de todos os compoñentes da tenda nun cesto. RESPONSÁBEL: _____ • Facer bocadillos para a merenda. RESPONSÁBEL: _____ • Preparar a fogueira coa leña. RESPONSÁBEL: _____ • Vixilancia nocturna. RESPONSÁBEL: _____ • Limpar/ recoller a tenda. RESPONSÁBEL: _____
XOVES	<ul style="list-style-type: none"> • Traer madeira/leña do bosque. RESPONSÁBEL: _____ • Recoller a roupa sucia de todos os compoñentes da tenda nun cesto. RESPONSÁBEL: _____ • Facer bocadillos para a merenda. RESPONSÁBEL: _____ • Preparar a fogueira coa leña. RESPONSÁBEL: _____ • Vixilancia nocturna. RESPONSÁBEL: _____ • Limpar/ recoller a tenda. RESPONSÁBEL: _____
VERNES	<ul style="list-style-type: none"> • Traer madeira/leña do bosque. RESPONSÁBEL: _____ • Recoller a roupa sucia de todos os compoñentes da tenda nun cesto. RESPONSÁBEL: _____ • Facer bocadillos para a merenda. RESPONSÁBEL: _____ • Preparar a fogueira coa leña. RESPONSÁBEL: _____ • Vixilancia nocturna. RESPONSÁBEL: _____ • Limpar/ recoller a tenda. RESPONSÁBEL: _____

En asemblea, o primeiro día distribúense as tarefas por días nun horario concreto, de forma que estas sexan ineludíbeis e irrepetíbeis para todos e todas:

O meu horario

Nome: _____

Curso: _____

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
					
					
					
					
					
					



RECREO NO INSTITUTO.

Rúa próxima ao instituto (IES), hora do recreo. Rocío e Jonathan encóntanse como cada día que hai clase. Mentres el esperaba, un compañeiro de Rocío agarroulle do ombreiro e díxolle algo que Jonathan non chegou a oír.

Rocío: - Ola.

Jonathan: (Serio. Non contesta)

Rocío: - ¿Pásache algo?

Jonathan: - A min non... e ¿a ti?

Rocío: - ¡Como non contestas!

Jonathan: - ¿Qué che dixo ese pringao?

Rocío: - Xa estamos. Non comeces co mal rolo.

Jonathan: - (Con ton despectivo, case insultante) Mal rolo, mal rolo....., ti és a que te enrllas.

Rocío: - Mira, Joni, se vas seguir así me vou coas miñas amigas.

Jonathan: - (Segue co seu ton despectivo) ¡Ah, as calentapollas esas! ¿Pa qué che volvan a dicir que me deixes?

Rocío: - Eu non insulto aos teus colegas.

Jonathan: - ¿Qué vas dicir deles? Son legais.....¡¡decátasche!! ¡Con dous colóns! Non como o maricas do Xesusiño da túa clase, que é un merda.

Rocío: - (Enfadada. Quédase parada mirándoo. Silencio cortante. Soa o móbil de Rocío. Jonathan agárraa da man para que non poida collelo). ¡Solta, pídocho por favor!

Jonathan: - ¿Quén é? ¡Non me digas que.....!

Rocío: - ¡A ti que che importa quen me chama! Voume.....(Rocío pulsa a tecla de rexeitamento de chamada no móbil).

Jonathan: - (Agárra con máis forza). ¿Onde cres que vas?

(Unha compañeira de Rocío pasa ao seu lado e dille "ata entón, Rocío". Ela contéstalles "Adeus" e ponse un pouco colorada. Silencio ata que están suficientemente lonxe para que non oian a súa "conversa" con Jonathan).

Rocío: - O sóltame....., me largo coas miñas amigas.

Jonathan: - ¡Dame o móbil!

Rocío: - (Forcejea e remata soltándose da man del) ¡...é unha merda! (Sae correndo).

Jonathan: - Rociiiiiiiii.....; mira que solíño me quedo. (Ao tempo que fala colle do ombreiro a unha compañeira de clase que pasa nese momento, e fálalle ao ouvido, sorrindo. Ela tamén sorri).

Rocío: - (Míralle con desprezo. Cálase e afástase).

(Rocío atopouse coas súas amigas. Preguntáronlle se estaba enfadada e ela contestou "Na., cousas miñas" estiveron xuntas 20 minutos, falando como é habitual. Rocío estiveches máis calada do normal. A súa amiga íntima, Natalia, nun aparte, díxolle "pasa dese tío"; ao que Rocío contestou: "se é que outras veces é tan riquiño").

Jonathan e Rocío volven atoparse na suba a clase.

Jonathan: - (Con ton despectivo) ¡...ta logo!

Rocío: - (Seria. Non contesta)

ACTIVIDADES

CUESTIONARIO INDIVIDUAL e POSTA EN COMÚN POSTERIOR.

- ¿Coumo cualificarías o encontro entre Rocío e Jonathan?
 - Normal.
 - Jonathan púxo a no seu sitio.
 - Ala eles.
 - Jonathan é machista e violento.
- ¿Qué podíamos censurar a Rocío?
- ¿Qué podíamos censurar a Jonathan?
- A relación de parella entre ambos os dous, ¿en qué aspectos debe cambiar?

Rocío ten que/debe...

Jonathan ten que/debe...

- Coñeces a algún compañeiro/a que poida identificarse con Rocío con Jonathan. ¿Qué podes facer ti como amigo/a deles para lles axudar?

Se fose amigo/a de Rocío...

Se fose amigo/a de Jonathan...

- Engade calquera comentario que consideres convinte.

REFLEXIÓN INDIVIDUAL e POSTA EN COMÚN POSTERIOR.

¿Paréceche normal a conversa que tiveron Rocío e Jonathan? Os especialistas falan de sinais ou indicadores dunha futura Violencia de Xénero. Saberías completar a táboa seguinte cos mesmos e en referencia ao texto lido.

VERBAIS	XESTUAIS	MOVEMENTO

GUÍA DIDÁCTICA/TITORÍA de 3 ° ESO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DENDE A TITORÍA DA ESO.

XUSTIFICACIÓN.

Dentro do PAT da ESO acostuman introducirse diversas datas que chamamos “ días internacionais ” e que remiten a datas do calendario moi significativas polos valores a que remiten: paz, 30 Xaneiro, Día mundial da non violencia; igualdade, 8 Marzo, Día Internacional da Muller; etc. Por iso, facerse eco na escola do 25 N, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER, é sen dúbida apostar pola coeducación, a educación en igualdade e, en definitiva, a prevención e erradicación da Violencia de Xénero (VX).

Dende a Organización de Mulleres de STEG, queremos coa inclusión deste traballo na nosa web ofrecer á comunidade educativa unha sesión de titoría para o alumnado de 3 ° e 4 ° de eso, que pretende sensibilizar a rapaces e rapazas da lacra social da VX co ánimo de coñecer a súa dimensión social e de previr no futuro.

OBXECTIVO

Identificar, desde as propias vivencias, condutas irrespectuosas contra a dignidade persoal, que actúan como predictores dunha futura VX.

Esta sesión conecta coas liñas de actuación do PROXECTO DE ACCIÓN TITORIAL na ESO:

- ENSINAR A SER PERSOA e
- ENSINAR A CONVIVIR e COMPORTARSE.

ALUMNADO

3 ° e 4 ° diso.

Trabállanse, de maneira preferente, estas competencias LOE:

- **Lingüística:** Comprensión de textos.
- **Social e cidadá:** Identificación e intervención asertiva ante condutas irrespectuosas coa dignidade persoal.

TEMPORALIZACIÓN

A intervención desenvólvese nunha sesión de titoría.

Actividade inicial: Lectura.	Lectura do texto “ Recreo no instituto ”: Conversación de Rocío e Jonathan.	Con obxecto do: Coñecemento da realidade social próxima sobre VX.
Cuestionario:	Contestación individual do cuestionario referido á lectura e DEBATE posterior en gran grupo.	
Completar unha táboa cos datos da lectura:	Identificación dos indicadores de VX na conversa de Rocío e Jonathan.	





CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA
TODAS AS MANS SON NECESARIAS

